



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE OUTBRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede da acta da sesión anterior (26/09/2018).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 26/09/2018 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras da adxudicación de operación de préstamo a longo prazo para financiar o investimento EDAR e rede de saneamento en Vedra.

A Presidencia di que é unha formulación técnica de algo xa falado e discutido nos orzamentos. Con el preténdese executar a obra da EDAR en Vedra e a primeira fase de conexión do colexio.

É un préstamo de preto de 500.000 € para poder adxudicar a obra. Para poder aprobar as bases da licitación da obra, primeiro hai que aprobar o préstamo e por iso traen agora as bases do préstamo e no mes de novembro traerán as bases para licitar a propia obra.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta por que se delega na Xunta de Goberno.



O Sr. Secretario responde que este tipo de contratos non están sometidos á Lei de contratos do sector público. Con independencia diso, séguese o mesmo procedemento ca se foran contratos sometidos á Lei de contratos. O feito de delegalo na Xunta de Goberno é unha cuestión de orde práctica porque o importante son as bases, e unha vez que se aproben en pleno e se presenten as propostas conseguintes e a valoración por parte dos técnicos da mellor oferta, simplemente é adxudicar.

Antes de adxudicar a Xunta de Goberno ou a Alcaldía, debe pasar pola comisión informativa correspondente.

Faise por unha cuestión práctica, porque senón habería que esperar ao seguinte pleno, que podía coincidir ben ou mal para adxudicar o préstamo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo vai votar a favor e recórdalle ao grupo de goberno que no seu momento o Partido Popular cansouse na última lexislatura do PSdeG-PSOE, de falar da gran débeda que tiña o concello de 700.000 €. A día de hoxe iso é o que suma o que se lle debe á Deputación e este préstamo que se vai pedir. Sinala que sen débeda non hai obras nin servizos e cre que a parroquia de Vedra non pode esperar máis por un saneamento en condicións.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que hai unha incongruencia na solicitude do préstamo. Di que van solicitar un préstamo para pagar a depuradora de Bazar, cando a modificación do PXOM non está aprobada pola Consellería, logo a depuradora de Bazar téñena que construír os empresarios de acordo co informe que enviou o propio Secretario. Para poder construír o concello a depuradora de Bazar, previamente ten que ter a aprobación de modificación do PXOM. Mentres tanto non poden construír algo que non lle pertence ao Concello e non entende como van solicitar un préstamo para unha obra que non poden acometer. Pregunta como o van solucionar.


A Presidencia contesta que entende que a interpretación do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA non é correcta e terán tempo de debater a cuestión.

Respóndelle a dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE que cando falaban da débeda de 700.000 € na anterior lexislatura do PSdeG-PSOE refíranse á débeda bancaria, non a toda a débeda. Había máis débeda: o déficit, a devolución que había que facer ao Estado, etcétera.

En calquera caso, o importe do crédito é probable que sexa inferior a 400.000 € porque xa se sabe que as adxudicacións das obras baixan. Estarán ante unha cifra inferior á que tiveron que afrontar cando accederon ao goberno.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE preguntalle ao Sr. Secretario que é a débeda viva. O Sr. Secretario responde que é a débeda real do concello nese momento, todo aquilo que é débeda activa.

O Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE di que segundo datos do Ministerio de Facenda a débeda viva do concello no ano 2011 era de 768.000 €; e que no ano 2017 é de 248.000€ que sumados os 500.000 € do crédito, ascenderá a 748.000 € no ano 2018. Están falando de 20.000 € menos ca cando accederon ao goberno. Roga que aclaren iso e lle deixen de mentir aos veciños.



A Presidencia di que non ten ningún problema en aclaralo na comisión informativa de economía en levar as cifras. Cre que o Ministerio de Facenda está falando de débeda bancaria e esa débeda viva coincide cos préstamos bancarios.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta se entón no ano 2017 se lle deben aos bancos 248.000 €.

A Presidencia contéstalle que a finais do 2017 seguro que non.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE di que os datos están sacados a 31 de decembro de 2017.

A Presidencia responde que non o sabe. Di que pode ser a póliza de crédito que se amortiza dous ou tres meses despois.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o grupo de goberno é o mesmo que no Nadal do 2012 xa tiñan aforrado medio millón de euros, declaracións recollidas en La Voz de Galicia e El Correo Gallego.

Cre que o informe que solicitou e lle enviou o Secretario recolle que efectivamente a depuradora de Bazar entra dentro do complexo que depuraría a depuradora previa que se exonera aos empresarios e que efectivamente correspondería pagar aos empresarios e que o concello ten dereito a realizar eles as obras.

Logo, mentres que a Consellería non dea o visto bo á modificación do PXOM, non se pode acometer esa obra.

Di que solicitar un crédito, traelo a pleno e dicir que é para iso, é un delito; e non poden facelo.

A Presidencia cre que fai unha interpretación errónea, e en calquera caso hai xuristas que determinarán a legalidade.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e PSdeG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA e do concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

3º.- Contestación ás preguntas dos plenos anteriores.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Respecto da extensión da fibra óptica, di que é unha opinión. Proximamente terá unha reunión coa Xunta de Galicia e Telefónica para aclarar ben o tema e para que lle dean a información completa de prazos, lugares, etcétera nos que se vai despregar a fibra óptica. Cando teña esa información, trasladaraa ao Pleno.

2º.- Sobre o PAES di que lle contestará na reunión dos próximos días.

3º.- Respecto á retirada dos niños de velutina, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que responde que xa está solucionado.

4º.- Sobre o espazo para uso das autocaravanas no aparcadoiro disuasorio de Ponte Ulla, responde que non hai novidades en relación ao que está feito.

5º.- Respecto ao nome do avogado que leva a defensa da comisión de festas de San Xián que está envolta nunha denuncia por un accidente nunhas festas hai tres anos di que é Miguel Nouche; e o avogado do concello o Sr. Roibás.

6º.- Sobre o tríptico dos locais hostaleiros do concello di que iso é algo que vai pasar sempre mentres non se faga unha nova edición do mesmo; e cando se faga unha nova edición actualizaranse como é lóxico.



--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón do PSdeG-PSOE, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o nerviosismo ante as eleccións municipais, di que é unha opinión que non comparte.

2º.- Respecto a que non apareza reflectida no orzamento municipal unha partida para a loita contra a vespa velutina, di que é unha opinión que non comparte.

3º.- Sobre o informe do Seprona polos lodos do río Ulla, di que está pendente de que llo remitan, se é que o fan.

4º.- Respecto ao peche do centro da Terceira Idade no mes de agosto, responde que, salvo erro ou omisión pola súa parte, ten entendido que dende hai moito tempo no mes de agosto sempre pecha porque ademais é cando colle vacacións a persoa responsable do centro.

5º.- Sobre o que aconteceu na festa das Dores entre un propietario dunha finca, a Garda Civil e os feirantes das atraccións di que non falou aínda co Presidente saínte, pero cre que é unha cuestión relacionada coa comisión de festas e non para contestar o Alcalde.

6º.- Sobre se está creado o rexistro municipal de familias de acollida di que aínda non está creado.

7º.- Respecto se se lle abonou á Asociación de veciños de Vedra o recibo da luz, di que xa está abonado.

8º.- Sobre a instalación dos desfibriladores, di que xa está contestada.

9º.- Respecto ao descenso no número de niños de velutina e os datos concretos cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que se notou o descenso. Ao seu parecer demostra que a campaña foi efectiva, e na campaña de trampeo atrapáronse máis de 15.000 raíñas.

A día 24/10/2018 retiráronse 207 niños. O ano pasado a final da tempada retiráranse algo máis de 300.

10º.- Sobre o peche dos accesos aos vestiarios que hai debaixo das gradas do campo de fútbol de Vedra, di que xa está feito.

11º.- Respecto ao arranxo dos sinais de tráfico e indicacións das parroquias que están en peor estado, di que xa teñen previsto unha partida no 2019 para solucionalo.

12º.- Sobre o arranxo dunha cruz que rompeu ao lado da casa do cura en Vedra, queda pendente para o próximo pleno.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, responde:

1º.- Respecto da carballeira de Xián, que foi cortada, di que a o procedemento de reposición da legalidade segue aberto. Cónstalle que urbanismo esta chamando para que remitan o informe e poder continuar con ese procedemento de reposición da legalidade.

2º.- Sobre o custe total e desagregado do campamento A-camparte, incluíndo os medios e instalacións do concello empregados no mesmo, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez do PP que di que o concello colabora como con calquera asociación. Neste caso colaborou cun obradoiro de graffiti, cedendo as instalacións da piscina un día á semana, e a cesión do uso das piraguas.

O custe non é do concello, porque non o organiza o concello, senón a ANPA do CEIP Ortigueira.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta se o concello non pagou facturas por algún concepto relativo a esta actividade.

O Sr. Vázquez Martínez, do PP, responde que o concello colaborou co obradoiro de graffiti, que é o que pode vir nas facturas.



O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta polo custe. Non sabe se a colaboración do concello foi que o concelleiro de cultura colleu os aerosois e se puxo a pintar ou se foi o pagamento de gastos e actividades. Refírese ao custo que lle supuxo ao concello esa actividade.

O Sr. Vázquez Martínez, do PP, di que preguntará canto custou o obradoiro de graffiti e daralle a información.

3º.- Respecto a se o vagón de Santa Cruz conta xa coas condicións axeitadas para a súa utilización por persoas con mobilidade reducida, responde que os técnicos dinlle que vai quedar adaptado para persoas con mobilidade reducida cando se poña en marcha.

4º.- Sobre o informe do estado de contas do convenio de colaboración do concello cos propietarios do polígono empresarial, di que está buscando a técnica toda a información e que na comisión informativa de economía facilitará toda a información da que dispoña.

5º.- Respecto das marquesiñas de autobús que estean en desuso sexan trasladadas a aqueles lugares onde non existen e sexan necesarias responde que o fixeron unha vez e tiveron que devolvela ao seu sitio, porque aínda que non ten o seu uso orixinario as persoas que paseaban por alí úsanla para sentarse e descansar. Cre que é mellor que onde fagan falta poñelas novas.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, responde que daba por feito que aquelas que están cheas de silvas non terían ese uso.

6º.- Sobre se o concello a recibiu ou ten algunha información respecto ao proxecto de reapertura da mina de Touro, di que non hai novidades. No caso de habelas convocará unha comisión para analízalas.

7º.- Respecto aos problemas de avarías que está tendo a rede de abastecemento de auga en Santa Cruz, responde que xa levan semanas arranxados. Os problemas foron nunha liña xeral que xa estaba feita cando accederon ao goberno. O problema era nas acometidas, que foi o que rompeu. Non sabían porque se producía ese exceso de presión. A criterio dos técnicos, deixouse un punto feble para que rebentara sempre alí mentres non se localizara o problema. Ao final foi unha combinación de factores: unha redutora grande xeral que había no depósito non funcionaba correctamente. Determinouse tamén necesario incluír outra redutora na acometida xeral máis adiante.

Por todo iso, decidiron que sería convinte meter nun punto intermedio outra redutora grande de presión.

Fixéronse esas reparacións e estabilizáronse as roturas e a presión.

Di que xa hai un plan director que evitará este tipo de problemas, o cal xa deseña por onde teñen que ir as liñas, o caudal, os sistemas de redución, etcétera.

8º.- Sobre o proxecto para o contido da nave de envasado en San Mamede e cal é o custe da execución dese proxecto de posta en marcha a Presidencia di que comezarán agora co proceso de adxudicación da obra civil, que son 80.000 €. Calcula que para poñelo en marcha se precisarán uns 40.000 € en equipamentos, etcétera. A idea é poñelo en marcha na primeira metade do 2019.

9º.- Respecto a que se faga cumprir a Lei de defensa contra incendios na urbanización do Miradoiro de Sales, entende que é un rogo.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, a Presidencia responde:

1º.- Sobre o informe histórico dos aglomerados realizados no concello, a Presidencia di que o seguimento faise polo departamento de urbanismo do concello pola apareladora municipal.



Comezaron a facerse no ano 2016 e agora mesmo son as obras de asfaltados dos anos 2016 e 2017. As obras do 2018 ou se se están executando ou aínda non se teñen os informes.

Os informes que se teñen son os seguintes:

OBRA	EMPRESA	CONTROL (externo)
AGADER 2016	OVIGA	Euroconsult
POS 2016	OVIGA	Euroconsult
AGADER 2017	Excavaciones Varela	Eurotec
POS 2017	OVIGA	Euroconsult

Dille que os ten á súa disposición para velos. O control de calidade por parte do Concello realízao a aparelladora municipal ou o director de obra.

2º.- Sobre o paseo cicloturístico que se ía realizar en San Mamede di que a contestará no seguinte pleno.

3º.- Respecto a cantas propostas se achegaron e cal foi a publicidade do proceso para a contratación do Sr. Roibás, cédelle a palabra ao Sr. Secretario que responde que foi un procedemento negociado sen publicidade e que se solicitaron tres ofertas.

4º.- Sobre o motivo polo que o PP na Xunta de Galicia se opuxo en dúas ocasións á fiscalización da contratación dun arquiveiro municipal, remítese ao contestado na sesión plenaria anterior.

5º.- Respecto ao consumo de case 10.000 € para a rãirada de niños de vespa velutina, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que están nos orzamento. A día de hoxe están facturados e pagados 3.811,50 € eteñen unha partida ata 8.000 €. A campaña rematará dentro de 15 ou 20 días polo que cre que o saldo é suficiente.

6º.- Sobre os xustificantes dos pagos referidos ao polígono industrial responde que cando lle pase os datos a técnica de tesourería informará na comisión informativa de economía.

7º.- Respecto á depuradora de Bazar responde que a intención do equipo de goberno é traer as bases para a súa licitación ao pleno do mes de novembro.

4º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Quere facer unha aclaración respecto ao tema da fibra óptica. Ese plan que se puxo en marcha trata de levar a extensión aos núcleos de Sol, Tomonde, Nande e Pousada. Son so primeiros lugares aos que vai chegar a fibra óptica neste concello. Nese plan foi a Xunta de Galicia a que elixiu os núcleos e calquera núcleo de Vedra era susceptible de ser incorporado ao plan. Non os elixiu ningunha operadora, pero os posteriores núcleos serán elixidos polas operadoras.

2º.- Respecto do PAES, a Presidencia dixo que prometeu unha reunión para non dicir que pasou o prazo de presentación e que a non se pode optar a esa subvención porque o este ano rematou o prazo. Solicita que sexa claro co traballo que se fixo ao respecto e os cartos que lle custou ao concello.

3º.- Pregunta cada canto tempo se imprimen os trípticos dos locais hostaleiros. Solicita que se revisen cada ano.

4º.- Pregunta cando teñen pensado botarlle grixo ao camiño de Torrente.

5º.- Solicita explicacións sobre unha factura aprobada en Xunta de Goberno por uns pneumáticos para o camiión do lixo.



6º.- Estes días púxose en marcha unha nova web municipal cun novo formato. Na anterior lexislatura fixera unha pregunta por un pago a unha empresa en concepto de confección dunha páxina web, hai xa seis anos. Nesta nova web faltan enlaces á mesa de contratación, ao perfil do contratante, etcétera. Solicita que se arranxen.

O Sr. Méndez Cernadas, do PP, responde que a empresa que fixo a nova páxina web non a enlazou co servidor antigo mentres non cargaban todo. Houbo uns erros que se están corrixindo e posiblemente estean no día de mañá arranxados.

7º.- Estase a licitar a obra de reforma da planta de arriba da escola de San Xián. Existe unha subvención da Consellería de Benestar social do ano 2016. Non se fixo nada no ano 2016, 2017 e agora no 2018 se non está feita antes do 15 de decembro pérdese a subvención. Solicita que se axilice o tema.

8º.- Pregunta en que punto está o procedemento para a modificación do PXOM respecto da depuradora de Bazar.

9º.- Chamoulle a atención o importe de 2.000 € dunha factura de Droguería-Ferretería El Sol.

Solicita que explique unha Resolución de Alcaldía na que delega funcións na 1ª Tenente Alcalde para a sinatura do acordo de adxudicación de materiais a Droguería-Ferretería El Sol, e outra adxudicando a subministración de materiais de construción do escenario na nave da estación de ferrocarril de Santa Cruz á mesma empresa. É unha empresa da súa familia e non sabe se hai algunha incompatibilidade na sinatura desas resolucións.

Nunca viu ese xeito de proceder dende que é concelleira e pregunta se lle parece ético e se vai ser ese o xeito de proceder a partires de agora.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE pregunta:

1º.- Quere felicitar ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, polo traballo la loita contra a velutina e tamén quere felicitar ao Alcalde pola nova candidatura á Alcaldía de Vedra. É evidente que o de presentarse a dúas lexislaturas só, xa se lle esqueceu.

2º.- Resúltalle sospeitoso que coincidan as datas de aprobación do pago da factura á Asociación de veciños de Vedra e a data do pleno. (26/09/2018)

3º.- Pregunta como está o arranxo do campo da festa de Vedra.

4º.- Pregunta onde se lle deu publicidade ao PEL-PEMES 2018 da Deputación. Vedra ten máis de 300 empresas e só se lle concedeu a 7. Solicita que se lle dea publicidade na web municipal, no boletín informativo, etcétera.

5º.- Hai un vertedoiro e unha televisión tirada no monte de Castro en Roelle xusto á beira da pista. Pregunta de quen é o vertedoiro e en caso de que haxa que actuar de oficio, solicita que o fagan para a súa retirada.

6º.- Pregunta se se fixo a formación para o uso dos desfibriladores.

7º.- Pregunta onde está a partida de 8.000 € para a loita contra a velutina nos orzamentos municipais.

8º.- Están cambiando os sinais do concello e parécelle raro que no cartel da Casa das Artes non figure “Chousa do Coutiño”, cando foi aprobado a raíz dunha moción presentada polo BNG-AA.

Nos plenos municipais din que si a todo e despois fan o que lles parece. No caso de que non queiran facer algo, non o fagan e digan que non dende un principio.

-- O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Pregunta como está a situación do expediente de modificación puntual do PXOM que tería como obxecto a modificación de delimitación do solo de núcleo rural na aldea de Trasariz de Arriba.



2º.- Pregunta se a parcela de 6.000 m² para servizos comunitarios en Xián, que era propiedade do concello e foi inscrita no rexistro da propiedade a favor dunha sociedade mercantil, está actualmente rexistrada a nome do concello ou seguen as negociacións.

3º.- Pregunta cando van dar explicacións o Sr. Alcalde, a Sra. Piñeiro Caldelas ou o Sr. Vázquez Martínez sobre as acusacións de producir danos a propiedades dun veciño, acusacións saídas do Concello.

4º.- Pregunta se foron licitadas as obras do convenio asinado, modificado e emendado entre o concello de Vedra e Augas de Galicia, do que aproveitou para facer propaganda de que no ano 2016 se ían investir 700.000 € en saneamento.

5º.- Pregunta cantas ofertas chegaron á mesa de contratación para a contratación da asesoría xurídica do concello.

Recórdalles que este asesor xurídico é o mesmo que o grupo de goberno criticaba a súa contratación ao anterior goberno. Pregunta se mudou o seu criterio respecto ás valoracións que facían naquel momento da contratación.

6º.- Solicita que facilite os prazos nos que estima que pode estar rematada e a disposición para o seu uso as obras realizadas no vagón de tren instalado en Santa Cruz de Ribadulla. Tamén solicita o orzamento de todas as actuacións necesarias para a súa posta en uso como espazo coworking.

7º.- Entende que a delegación na 1ª Tenente Alcalde para formalizar o contrato-convenio con Droguería-Ferretería El Sol é un formalismo. Pregunta cales foron os criterios sopesados para a elección desa empresa.

8º.- Roga que faga cumprir a Lei de defensa contra os incendios no Mirador de Sales e no polígono industrial.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:

1º.- Di que facerlle preguntas é ridículo, porque analizando o que contestou hoxe sobre os aglomerados (que foi solicitado hai un ano por primeira vez), sobre a senda cicloturística, os gastos do polígono, etcétera. Tamén di que presentar mocións non serve para nada, xa que as ignoran e convértenas en lixo.

2º.- Pregunta se lle parece un procedemento normal o que se realizou para a contratación do Sr. Roibas. Pregunta se non cre que ten un tufo a corrupción.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e cinco minutos.